

## ASÍ OU ASÍ?

Texto e ilustracións de **MARÍA PASCUAL DE LA TORRE**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Libro de cartón con esquinas redondeadas. 19 x 19 cm. 24 páx. 12 €

**Así ou así?** (galego)

ISBN 978-84-1343-168-0. Prelecturas. Acartonados.

**¿Así o así?** (castelán)

ISBN 978-84-1343-168-0. Prelecturas. Acartonados.

**Honela ala bestela?** (euskara)

ISBN 978-84-1343-168-0. Lehen irakurleak. Kartoizko liburuak.

**Assim ou assado?** (português)

ISBN 978-989-749-161-0. Pré-leituras. Cartonados.

**Aspettando l'alba** (italiano)

ISBN 978-84-1343-154-3. Primi libri. Cartonati.

*Pola orella? Polo nariz?*


*Cos pés, coas patas, pódese así?*

*Como che gusta beber a ti?*

As nenas e os nenos atopan acotío a maneira máis orixinal, inesperada ou divertida de afrontar as tarefas típicas no fogar, aínda que non sexa sempre a forma máis práctica ou recomendable. «Así ou así?» descóbrenos que sempre hai outro xeito de facer as cousas no día a día: vestirse, beber, durmir, comer, sentarse, facer pipí...

Unha proposta transgresora e con moito humor que invita á participación e na que pequenos e maiores se verán reflectidos: uns, no seu afán por experimentar, desenvolver a súa autonomía, xogar... outros, porque a xestión da vida familiar é unha tarefa tan complexa como apaixonante e chea de sorpresas.

Con ilustracións definidas, de trazos suaves e cores alegres, trátase dun libro ideal para os máis pequenos como lectura compartida e para manexar de forma autónoma.



■ **Temática:** o día a día dos bebés.

■ **Idade recomendada:** a partir de 2 anos.

■ **Aspectos destacables:** bebés, autonomía, hábitos cotiáns (levantarse, vestirse, mexar, sentar, ler, xogar, recoller, bañarse, deitarse), creatividade, imaxinación, xogo, humor, autoestima, familia, fogar.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/asi-ou-asi-g>

### María Pascual de la Torre

Licenciada en Belas Artes con doutoramento en Debuxo, é directora de arte do estudio de deseño Pluviam. Publicou un bo número de títulos para público infantil polos que recibiu, entre outros, o Premio do Concurso Internacional de Álbum ilustrado 2017, convocado pola Biblioteca Insular do Cabildo de Canarias. Imparte obradoiros de ilustración e cursos de formación para mediadores, ademais de participar en numerosas exposicións en centros culturais e museos, tanto nacionais como internacionais. O seu traballo abrangue tamén o cómic, a animación, a publicidade, a ilustración en prensa... Foi seleccionada na Feira do Libro Infantil de Boloña 2022.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com